



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023

En Laxe, sendo as 20:00 horas do día 28 de setembro de 2023, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde Don José Luis Pérez Añón (PP) presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (UNIDAS PODEMOS)

Non asiste Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Actúa como secretario-interventor acumulado deste concello, Don Francisco Javier Novoa Juiz.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, dos borradores das actas das sesións anteriores de datas: 27/07/2023 e 29/08/2023

Dase conta dos borradores das actas de 27/07/2023 e 29/08/2023 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Con respecto ó borrador da acta do 27/07/2023, D. Fernando del Moral fai a observación de que se trasladen as súas preguntas de xeito literal xa que foron remitidas recentemente vía email.

Toma nota o secretario co fin de incorporalas e queda polo tanto, aprobado o borrador do pleno ordinario celebrado o 27/07/2023, así como o borrador do pleno extraordinario de data 29/08/2023.

2. Aprobación do levantamento de reparo da relación de facturas F-2023-36. Expte. núm. 2023/X998/000187

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2023-36

Expte. 2023/X998/000187.

Vista que se dota mediante o expediente 2023/T002/000019 o crédito orzamentario axeitado e suficiente para proceder á aprobación das facturas que figuran na relación contable F/2023/36 que se xunta, con importe imputable ao orzamento que ascende a 83,058,68 €, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de reparo n.º 16/2023 pola Intervención municipal acumulada, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas F/2023/36, expediente 2023/X998/000187, por importe de 83.058,68€, a favor dos terceiros que se relacionan a continuación, o que leva consigo o levantamento do reparo n.º 16/2023 formulado pola Intervención Municipal Acumulada.

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Situación	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Partida
F/2023/281	13/02/2023	FV-23000443	31/01/2023	356,95	CO	B70534508	BM CREA GALICIA S.L.	TUBOS PARA CANALIZACION ELECTRICA MAS CAMION GRUA	2023 165 62301
F/2023/285	13/02/2023	4	04/02/2023	726	CO	79332875X	MARTIN CASTRO LEMA	COLOCACION Y SUMINISTRO DE INSTALACION DE TOMA ENGANCHE PARA ITV EN CAMPO DE FESTA SOESTO	2023 165 62301
F/2023/307	23/02/2023	FV23000634	15/02/2023	331,54	CO	B70534508	BM CREA GALICIA S.L.	TUBO CANALIZACION ELECTRICA CAMPOSO A TORRE.	2023 165 62301



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

F/2023/627	02/05/2023	2 232040	02/05/2023	11830,67	CO	B70039243	CONSTRUCIONES FERMIN SIMAL S.L.	MELLORAS NA RÚA SOL / M2 Demolición e levantamento de pavimento continuo de formigón de espesor variable, armado e de norma	2023 1532 61900
F/2023/699	12/05/2023	2023 16	10/05/2023	7804,5	CO	B70551379	TECOSMAR PA S.L.	TRABAJOS REALIZADOS EN RENS-NANDE; TIRAR PARED DE ALPENDRE PARA AMPLIACIÓN DE LA VIA PÚBLICA Y HACER UNA PARED NUEVA. CI	2023 454 61900
F/2023/708	12/05/2023	0023 59	12/05/2023	6233,12	CO	B15494594	GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS S.L.	AMPLIACION ALUMBRADO PUBLICO LOURIDO DE ARRIBA	2023 165 62301
F/2023/709	12/05/2023	0023 60	12/05/2023	13090,45	CO	B15494594	GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS S.L.	AMPLIACION ALUMBRADO PUBLICO EN BOAÑO.	2023 165 62301
F/2023/710	12/05/2023	0023 61	12/05/2023	5749,86	CO	B15494594	GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS S.L.	AMPLIACION ALUMBRADO PUBLICO COENS.	2023 165 62301
F/2023/796	01/06/2023	23 19	31/05/2023	4513,3	CO	B70551379	TECOSMAR PA S.L.	Reparar caminos en Mordomo, Laxe; Limpiar malezas todo alrededor, rebajar el camino donde estaba alto, retirada de escom	2023 454 61900



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

F/2023/797	01/06/2023	23 18	31/05/2023	22600,38	CO	B70551379	TECOSMAR PA S.L.	Reparar caminos en Matio, Laxe: Limpiar malezas todo alrededor, rebajar el camino donde estaba alto, retirada de escombr	2023 454 61900
F/2023/855	06/06/2023	Emi 230504	26/05/2023	3.267,00	CO	B15122104	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA S.L.	EXPD 2023/C003/000001 AUMENTO OBRA PROXECTO MELLORA VIAL MPAL. DENDE CASTRELO ATA O MERENDEIRO DE A BRAÑA	2023 453 61900
F/2023/965	03/07/2023	0023 73	03/07/2023	6554,91	CO	B15494594	GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS S.L.	AMPLIACION ALUMBRADO PUBLICO EN CAMPO DA TORRE.	2023 165 62301
TOTAL				83.058,68					

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas e se proceda posteriormente a ordenar o seu pagamento."

D. Fernando del Moral traslada que votarán en contra xa que a documentación como se manda é ilexible xa que hay algunha horizontal e outra vertical.

O Alcalde-Presidente convidado a pasar pola oficina a obter a documentación.

D. Xosé Manuel Pose recorda que se seguiran a táctica do PP cando estaba na oposición, votarían en contra pero hai facturas de servizos realizados que os provedores teñen dereito a cobrar.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 8 (5 PP E 3 BNG)

EN CONTRA: 1 UNIDAS PODEMOS

ABSTENCIÓNS: 1 PSdeG-PSOE

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

3. Aprobación do expediente de modificación de crédito ó orzamento municipal por créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados con cargo ao remante líquido de Tesourería para gastos xerais. Expte. Núm. 2023/ T002/000021



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 21/2023, AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023 (PRORROGADO DE 2022) EXPEDIENTE Nº 2023/T002/000021

Sométese á aprobación do Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos nº 21/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 20/09/2023, que consta no citado expediente.

Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención acumulada desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 21/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 20/09/2023, que a continuación se indica:

Altas en aplicacións de gastos

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Prog r.	Económ ica				
160	621.00	<u>Sumidoiros. Terreos e bens naturais.</u> Adquisición dunha parcela no lugar de Boaña, parroquia de Traba, para a instalación dunha depuradora de augas residuais.	0,00	25.165,00	25.165,00
320	626.00	<u>Admón. xeral de educación. Equipos para proceso de información.</u> Adquisición de material infomático para o Punto de Información á Infancia (PAI).	0,00	2.000,00	2.000,00



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

340	622.00	<u>Admón. xeral de deporte.</u> <u>Edificios e outras construcións</u> Aportación municipal para a solicitude de subvención para a construción dunha pista de pádel.	0,00	11.000,00	11.000,00
340	625.00	<u>Admón. xeral de deporte.</u> <u>Mobiliario</u> Aportación municipal para a solicitude de subvención para a adquisición de equipamento para o ximnasio municipal.	0,00	2.500,00	2.500,00
454	623.00	<u>Camiños veciñais. Maquinaria.</u> Cantidade necesaria para a adquisición de dúas desbrozadoras manuais.	0,00	1.700,00	1.700,00
		TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00	42.365,00	42.365,00

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais antes este expediente	Suplementos de crédito	Créditos finais
Prog r.	Económica				
320	625.00	<u>Admón. xeral de educación.</u> <u>Mobiliario.</u> Adquisición de mobiliario para o Punto de Información á Infancia (PAI).	500,00	13.000,00	13.500,00



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

453	619.00	<u>Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</u> Cantidade necesaria para maior gasto na contratación das obras de Mellora do firme da estrada á Praia de Traba, zona de Mordomo.	154.219,44	4.949,75	159.169.19
		TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	17.949,75		

RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	42.365,00
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	17.949,75
TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS	60.314,75

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:

Aplicación económica			Descripción	Euros
Cap	Art.	Concepto		
.		o		
8	87	870.00	Remanente para gastos xerais	60.314,75
			TOTAL	60.314,75

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 21/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2023 (prorrogado de 2023), por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 21/2023, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- .-A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”

D. Xosé Manuel Pose critica que o PP dicía que gobernar a través de RECs era gobernar mal, e agora está a batir records neste sentido. Extráñalle que se establezca crédito vinculado a unha subvención que aínda non está concedida, e que o normal era esperar a que fora concedida.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 8 (5 PP E 3 BNG)

EN CONTRA: 1 UNIDAS PODEMOS

ABSTENCIÓNS: 1 PSdeG-PSOE

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

4. Mocións dos grupos municipais

4.1 Mocións presentadas polo PP:

4.1.1 Moción contra a tramitación dunha Lei de Amnistía

O PP de Laxe presenta a seguinte moción:

“MOCIÓN CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR NO CONCELLO de LAXE, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a Proposta de Acordo/Moción que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era una demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

dictadura. Foi un dos instrumentos cos que se puso punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas enmendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As enmendas foron rexeitadas e, polo contrario, aprobouse o artigo 62 que prohíbe indultos xerais. É dicir, o perdón -que sí existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xuzgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e incluso evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

NO 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e la posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou ao seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao extranxeiro. Dende entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favorezca, entre outros, aos encausados polo referéndum ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 se rexistrou unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario a súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros de su Gobierno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriu a que se poida tramitar una Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenas de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que se levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Gobierno está causando unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello de LAXE, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Rexeita calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns calquera que sexa o seu delito. Considera que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2. *Anima aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.*
3. *Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira y o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social, ao Ministerio de Política Territorial, e os portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así á Xunta de Goberno da FEMP.”*

O Alcalde-Presidente comenta que non pensaba introducir esta moción na orde do día pero á vista que o PsdeG-PSOE incluiu unha deste carácter pois a traen.

D. Fernando del Moral di que o seu grupo alónxase deste tipo de mocións que non de competencia municipal sen perxuízo de que está baseada en suposición xa que non hai ningunha lei de amnistía, e por tanto, é unha moción preventiva e torticeira que so quere impedir resolver un conflito territorial e o seu voto será en contra.

D. Xosé Manuel Pose traslada que o Partido Popular está a presentar en todos os concellos, deputacións, e parlamentos autonómicos do Estado español unha “moción tipo” contra unha “Lei de Amnistía” da que aínda non se coñece texto nin alcance político.

A Executiva Nacional do BNG acordou que a posición de voto fronte a esta moción do PP, por parte dos grupos municipais, provinciais e concelleir@s do BNG, sexa NON, e deberá fundamentarse nos seguintes argumentos:

Manobra de propaganda. O Partido Popular é especialista na propaganda e nas manobras de distracción. Traen hoxe aquí, ao Pleno do concello, unha moción en que rexeitan unha lei que nin tan sequera existe aínda. Non é unha realidade, pois non hai ningunha proposta sobre a mesa sobre amnistía, nin existe ningunha decisión formal, e non se coñece o seu posíbel contido para poder fixar un posicionamento ao respecto. No entanto, vostedes convérteno no centro da súa maquinaria de propaganda para forzar, tamén nos concellos galegos, que se debata sobre o que pode acontecer ou non en Cataluña, só para non ter que debater sobre os verdadeiros temas de relevancia para os galegos e galegas. Queren levantar unha cortina de fume para non falar da nula xestión do PP na Galiza. Mentres falamos de Cataluña non se debate sobre a nefasta situación da sanidade, as listaxes de espera, a súa privatización, non ten que debater sobre a privatización dos coidados á terceira idade ou porqué non se construíu ningunha residencia en catorce anos. Non se debate sobre ter triplicado a débeda pública da Xunta de Galiza, e non se fala sobre unha a crise industrial que o Partido Popular non atende e que é a responsábel de que 300.000 persoas tiveran que marchar fora do noso País nos últimos anos. Tampouco se discute de porqué legislan contra a nosa lingua ou porqué desde que o PP está no goberno non houbo ningún avance en materia de autogoberno... e poderíamos seguir, pois a lista do desgoberno é moi larga. Mais éelles máis cómodo falar de Cataluña....

O que si está enriba da Mesa, é o que nos toca como galeg@s. Mentres o PP pretende tomar posición sobre unha lei inexistente e de contidos políticos e xurídicos descoñecidos, o que si existe e ten forma política e xurídica, é unha proposta de reforma do Regulamento do Congreso que si nos afecta, pois por primeira vez na historia permitiría o uso oral e escrito da lingua galega no Congreso. Moito leva o nacionalismo galego e o movemento de defensa do noso idioma loitando para facer realidade esa aspiración. E agora que vai ser posíbel, conta co voto negativo do PP (e o máis triste, do PP de Galiza) no Congreso. Até fan burla e caricatura do noso idioma, rebaixándoo a un problema de “pinganillos”, cando é evidente que axudaría a prestixialo socialmente. Do PP de Génova non esperamos nada, mais resulta patético comprobar como poden renegar



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

da súa terra, do seu pobo e da súa lingua representantes galegos no Congreso, só por contentar aos seus amos de Madrid.

Oposición a calquera avance democrático e ao recoñecemento de dereitos O Partido Popular é tamén especialista en negar calquera avance en democracia e no recoñecemento de dereitos tanto individuais como colectivos. Utilizan agora, por medio desta moción, o tan manido argumento de que a amnistía non cabe na Constitución. Mais, como xa ten sucedido, esta afirmación é falsa, pois, a Constitución non fala para nada da amnistía, e precisamente por iso, cabe dentro dunha interpretación da norma, pois todo o que non está expresamente prohibido é perfectamente posíbel, tanto do punto de vista xurídico como político. Pero ademais, hai que lembrar que non é a primeira vez que o PP utiliza este argumento e se equivoca. Foi o Partido Popular o que considerou que o divorcio non entraba na Constitución. Tamén consideraron que o aborto era inconstitucional, ou mesmo o matrimonio igualitario, entre persoas do mesmo sexo, foi considerado polo PP como algo alleo á Constitución. Foron precisamente todas as normas que recoñecían novos dereitos e supuxeron avances democráticos, as que o PP levou ante o Tribunal Constitucional alegando a súa suposta inconstitucionalidade. Pero seguen intentando parar os avances sociais e políticos. Teñan memoria: o PP si defendeu no seu día a Amnistía. En concreto, no ano 2012, durante o Goberno de Rajoy, co Ministro Montoro á cabeza, concedeuse unha AMNISTÍA FISCAL, que pretendía que as persoas con "rendas ou ingresos non declaradas" no 2008, 2009 e 2010, regularizasen a súa situación, o que permitiría "branquear" a súa situación. Supuña un absoluto privilexio fiscal para as persoas defraudadoras, e de feito xa se demostrou quen beneficiaría: a políticos e empresarios implicados nas principais tramas de corrupción do Estado. Estas son as amnistías que lle gustan ao PP. Mais neste caso, o propio Tribunal Constitucional tumbou ese intento do PP de "amnistía fiscal".

Desxudicializar a política. Ademais, temos que destacar tamén que o BNG está a favor de chegar a acordos políticos para solucionar conflitos políticos. Así, apoiaremos os avances nesta liña que permitan desxudicializar a política e impulsar o diálogo e a negociación. Insistimos en que a súa política está sempre máis pendente de negar avances democráticos que en promovelos, e por tanto o BNG non vai colaborar na campaña de propaganda do Partido Popular e vai votar en contra da súa moción, porque nós si queremos que se debata do que realmente importa á sociedade galega e si queremos que se avance en liberdades, en dereitos e en democracia.

D. Francisco Vidal expón que a súa moción e por mandato do partido, e que claro que non é o lugar o concello dende donde nada se vai solucionar, pero hai que mirar cara adiante que é o que nos corresponde.

O Alcalde-Presidente contesta que non só estaremos ante unha amnistía senón que tamén se pretende condonar deuda e se votan en contra estarán a favor da amnistía.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 PP

EN CONTRA: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

A FAVOR: 5 PP

EN CONTRA: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

Queda por tanto aprobada a moción, co voto de calidade do alcalde.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

4.2 Mocións presentadas polo BNG:

4.2.1 Moción para abrir un proceso de consulta á veciñanza para decidir o uso da Escola Unitaria de Torrexallóns

María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira-portavoz do BNG, explica a seguinte moción:

“MARÍA CRISTINA VÁZQUEZ DEL PRISCO, CON DNI 47359223S, EN CALIDADE DE CONCELLEIRA- PORTAVOZ DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) ADSCRITA AO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, AO ABEIRO DO ART.97.3 DO RD 2569/86 (ROF) PRESENTA, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN E DEBATE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO DO DÍA 28 DE SETEMBRO, A SEGUINTE MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido ao descenso poboacional do noso concello e a baixa dramática da matrícula nas primeiras etapas da educación nos centros educativos de Laxe, a consellería veu de pechar neste curso 2023_2024 a Escola Unitaria de Torrexallóns.

Dita escola contaba cun edificio que, pese a precisar algún arranxo, ten unhas instalacións tanto interiores como exteriores que permitirían realizar múltiples actividades municipais ou de interese para a veciñanza. De feito, no seu primeiro andar ubicábase con anterioridade unha axencia de lectura.

Esta triste nova do peche, pode aproveitarse cun enfoque positivo e democrático, facendo unha escoita á veciñanza para decidir os usos desta escola: os seus dous andares, o patio cuberto, os seus xardíns e parque infantil, para que siga a ter vida para os veciños e veciñas da parroquia e do concello en xeral.

O concello de Laxe, recuperou fai anos como local social a Escola Unitaria de Aprazadoiro, nun proceso vertical sen diálgo coa veciñanza e no que hoxe en día pódese comprobar que o uso de dito local é moi baixo.

Abrir un proceso de consulta á veciñanza, sería un síntoma de saúde democrática e animaría á participación veciñal nas decisións municipais que lle incumben de preto, mellorando as relacións entre veciñanza e concello. Sería ao mesmo tempo un exercicio de transparencia e de facilitar o acceso á información da xestión dos recursos municipais.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do BNG propón a adpoción do seguinte

ACORDO

O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe acorde por UNANIMIDADE abrir un proceso de consulta á veciñanza para decidir o uso da Escola Unitaria de Torrexallóns.”

Dna. María Cristina Vázquez expón a finalidade da moción, como último recurso para dar un bo uso do local que quedará baldeiro, xa que noutros como no Centro Social, se destinou a un uso sen escoitar a veciñanza e agora está abandonado.

D. Fernando del Moral manifesta o seu voto a favor.

D. Francisco José Vidal di que non está dacordo cos acordos assemblearios, que os representantes políticos están para tomar decisións pero non



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

hai recursos nin hai ideas.

O Alcalde-Presidente explica que votarán en contra xa que se vai constituir unha asociación de veciños para esto e unha vez feita se terá unha reunión.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 UNIDAS PODEMOS e 1 PSdeG-PSOE)

EN CONTRA: 5 PP

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 UNIDAS PODEMOS e 1 PSdeG-PSOE)

EN CONTRA: 5 PP

Queda por tanto rexeitada a moción proposta, co voto de calidade do alcalde.

4.2.2 Moción para solicitar á Axencia de Turismo de Galicia a incorporación de datos no relato sobre o Xeodestino Costa da Morte na súa páxina web

Xosé Manuel Pose, concelleiro do BNG explica a moción e a incorporación do texto proposto:

“María Cristina Vázquez del Prisco, con DNI 47359223S, en calidade de concelleira-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrita ao grupo municipal do BNG, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario do día 28 de setembro, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta cando menos sorprendente entrar na web de Turismo de Galicia e ler o relato introdutorio sobre o xeodestino Costa da Morte e comprobar como omite unha serie de afirmacións relativas ao Concello de Laxe que, ao noso xuízo, consideramos que se deberían de incorporar, aparecendo EN NEGRITA E MAIÚSCULAS O QUE SE DEBERÍA DE INCORPORAR; o relato comeza así:

„ O xeodestino Costa da Morte abrangue os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Aquí estaba a fin do mundo, o "Finis Terrae" dos romanos. Concretamente, en Cabo Fisterra, un lugar fascinante desde a máis remota antigüidade, e onde moitos peregrinos dan por finalizado a súa viaxe despois de pasaren por Santiago de Compostela.

A lendaria Costa da Morte debe o seu nome aos numerosos naufraxios que aquí ocorreron. Unha agreste franxa costeira con praias inmensas como Carnota, O Rostro, Baldaio, TRABA OU MESMO A PRAIA URBANA DE LAXE , e cantís, fortes correntes e repentinos temporais que a fan tan temida polos navegantes. Aquí manda o mar. Así nolo recorda o Cemiterio dos Ingleses, preto de Cabo Vilán, onde foron enterrados os mariñeiros do Serpent que naufragaron en 1890. E quizá para pedir clemencia ao ceo, esta é tamén unha costa zarrapicada de santuarios máxicos, como o da Virxe da Barca OU A XOIA DO GÓTICO MARIÑEIRO, A IGREXA DE SANTA MARÍA DA ATALAIA DE LAXE, RECENTEMENTE



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DECLARADA BIC ASÍ COMO A IGREXA DE SANTIAGO DE TRABA, NA PARROQUIA DO MESMO NOME, TAMÉN NO CONCELLO DE LAXE, DECLARADA BIC NO 1995.

Mais ás veces, o mar intérnase na terra e convértese nunha protectora ría: Corcubión, Lires, Camariñas, Corme e Laxe. Vilas con auténtico sabor mariñeiro e moitas historias que contar. Como os hórreos xigantes de Carnota e Lira. Ou a delicadeza dos encaixes de Camariñas.

Patrimonio

A Costa da Morte é terra de lendas e unha delas cóntanos que a Virxe aparecéuselle ao Apóstolo nunha barca de pedra da que hoxe quedan os restos nesta costa como testemuño dese milagre que serían as pedras de Abalar e dos Cadrís.

A Costa da Morte é unha loita constante da terra coa auga, as ondas baten no maxestoso faro de Fisterra, onde os peregrinos chegan a queimar as súas roupas tras a longa camiñada. A auga discorre pola máxica marisma e areal de Baldaio, repousa baixo a ponte romana de Lubiáns, no Ézaro precipítase polas penas facendo un encaixe de bágoas E NO ESPAZO NATURAL DE TRABA DE LAXE MANIFÉSTASE EN FORMA DE LAGOA CON LENDA INCLUÍDA • A auga acariña o pintoresco porto de Caión e a pedra compón os hórreos de Pidre, as Torres do Allo, o castelo de Vimianzo, A CASA DO ARCO DE LAXE e déixase balancear polo vento en Muxía, ao carón do santuario da Virxe da Barca.

O dolmen de Dombate, o castro de Borneiro, o hórreo de Carnota, o Cemiterio dos Ingleses en Camariñas, os pazos de Corcubión, a igrexa do antigo mosteiro de Moraime (Muxía) ou as igrexas de Santa María das Areas ou de Xunqueira, no que noutro tempo foi a fin da terra coñecida, escúlpense contra a paisaxe desta costa que ten tristeza no nome pero alegría na alma.

A Costa da Morte leva impresa nas súas xentes a tradición do mar e do traballo ben feito. Nos seus museos e coleccións visitables pódese vivir a vida desta terra sen comparanza. O Museo do Encaixe de Camariñas ou o Museo da Olaría de Buño en Malpica de Bergantiños, O MUSEO DO MAR DE LAXE QUE ALBERGA O BIC ARQUIVO VIDAL así como O Museo do Traxe de Vimianzo, achegan pinceladas dunha cultura que permanece a través dos tempos no fin da terra galega.

A indómita natureza da Costa da Morte é un dos reclamos mellor escondidos de Galicia. A propia orografía encargouse de facer pequenos recunchos e recónditas paraxes nas que se respira un aire único. O espazo natural de Cabo Vilán en Camariñas OU O ESPAZO NATURAL PROTEXIDO DE TRABA DE LAXE son uns deses lugares impregnados da maxia do único.

O monte Pindo, en Carnota ou as 111as Sisargas agardan para mostrar o carácter da súa terra e o bravío do seu mar. En suma, faros e praias salvaxes como a de Carnota (a máis longa de Galicia) ou a do Trece. Todo o litoral da Costa da Morte forma un espazo natural protexido que se interna terra dentro a través do río Anllóns. Os Penedos de Pasarela e Traba (nos concellos de Laxe e Vimianzo) é unha paisaxe protexida con corpo de pedra e alma de lenda.

Os visitantes que se acheguen á Costa da Morte poden vivir as máis arraigadas tradicións en forma de festas e romarías. Na zona hai media ducia de festas que contan coa declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia e son a Festa de San Fins do Castro en Cabana de Bergantiños, a Mostra do Encaixe de Camariñas, as Festas do Santísimo Cristo de Fisterra, a Romaría de Nosa Señora das Milagres de Caión na Laracha, a Mostra da Olaría de Buño en Malpica de Bergantiños, a Festa da Faguía do Carnés en Vimianzo E O NAUFRAXIO DE LAXE.

Ademais, a Romaría de Nosa Señora da Barca en Muxía conta coa declaración de Festa de Interese Turístico Nacional.

Ademais disto, numerosas festas gastronómicas exaltan as deliciosas especialidades culinarias da zona, en boa parte ligadas aos froitos do mar. Tamén na Costa da Morte cultívanse as patacas con Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia.

A luz do Faro de Fisterra -que chega a alcanzar os 65 km de lonxitude- guía os barcos na súa navegación por estas augas perigosas, debido aos



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

frecuentes temporais e arrecifes. Xa os romanos marabillábanse ao contemplar a posta de sol desde o punto máis occidental de Europa sentados nas pedras do Cabo Fisterra. Desde aquí descóbrense cegadoras panorámicas como a ría de Corcubión e a costa de Carnota xunto coa riqueza da inmensidade do océano. Todos os navegantes do mundo coñecen a existencia deste faro pois é un aviso importante da proximidade dunha zona perigosa.

A espectacular beleza dos arredores do faro de Cabo Vilán e a fereza do mar batendo as costas do Cabo Touriñán son tesouros que soamente se poden revelar na Costa da Morte. As praias salvaxes desta zona de Galicia como Mar de Fóra, rodeada de cantís, situada entre a península de Fisterra e O Cabo da Nave, OU AS DE TRABA E SOESTO NO CONCELLO DE LAXE, poden ser o paraíso dos amantes das paraxes inhóspitas.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do BNG propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe acorda por UNANIMIDADE solicitar á Axencia Turismo de Galicia a incorporación dos datos anteriormente expostos no relato sobre o xeodestino Costa da Morte na súa páxina web.”

O Alcalde-Presidente di que está dacordo do espírito da moción pero que no 2018 a Axencia de turismo púxose en contacto co concello e ninguén lle contestou e propón como alternativa que o técnico municipal de turismo faga de enlace coa axencia e se faga unha mellor redacción do patrimonio cultural de Laxe incorporando documentación gráfica.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 5 PP

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 5 PP

Queda por tanto rexeitada a moción proposta, co voto de calidade do alcalde.

4.2.3 Moción para solicitar a firma dun convenio con XEA (Xestión Ética do Abandono) para a xestión dos animais abandonados que aparezan no concello

María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira-portavoz do BNG, explica a seguinte moción:

“María Cristina Vázquez del Prisco, con DNI 47359223S, en calidade de concelleiraportavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrita ao grupo municipal do BNG, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario do



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

día 28 de setembro, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante todo o verán viñemos escoitando a veciños, veciñas e visitantes pronunciarse sobre diferentes casos de abandono de animais domésticos no noso concello. Lamentablemente non se trata de casos illados, se non que o problema do abandono animal ocorre case a diario sendo máis relevante durante a tempada de estival.

O abandono de animais nas rúas e estradas do noso concello supón un importante problema a numerosos niveis, dende os problemas de seguridade vial, ata poder acarrear problemas de saúde pública por infeccións, parásitos, etc., sen esquecer as propias molestias directas á veciñanza e ás súas propiedades ou mascotas.

Non podemos esquecer a desprotección que supón para eses propios animais abandonados que de persistir nesa situación a súa integridade e a propia vida corre perigo.

Na nosa contorna, en Brandomil, concello de Zas, temos a sorte de contar con XEA (xestión ética do abandono) tipificada como centro de rescate animal autorizado pola Xunta, que ofrece servizos de xestión do abandono aos concellos de Galicia que non contan con este servizo propio mediante a sinatura dun convenio que permite así solucionar de forma totalmente legal o problema do abandono de animais. Así se fai posible que os concellos cumpran íntegramente coa lei de benestar animal de forma seria, ética e profesional.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do BNG propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe acorda por UNANIMIDADE solicitar a firma dun convenio con XEA (Xestión Ética do Abandono) para a xestión dos animais abandonados que aparezan no noso concello.”

Dña. María Cristina Vázquez explica que o abandono de cans pode xerar accidentes é e preciso conveniar a súa recollida e coidados.

Dña. Raquel Lema di que o día seguinte terán reunión coa empresa de recollida para ver as condicións, polo que propón deixalo enriba da mesa.

D. Fernando del Moral lamenta que haxa que ir ó sector privado por falta de xestión de chips municipal.

D. Francisco Vidal comenta que está ben pero que hai problemas máis graves de saúde pública máis aló dos animais domésticos.

Por unanimidade dos presentes retírase a moción presentada.

4.3 Mocións presentadas polo PsdeG-PSOE:

4.3.1 Moción en canto á anulación do Decreto da Alcaldía núm. 576, do 05/07/2023

O concelleiro do PsdeG-PSOE, Francisco José Vidal Castro explica a seguinte moción:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

“MOCION:

Que presenta o concelleiro do PSdeG PSOE no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais para a inclusión no pleno ordinario do 29 de Setembro de 2023, con a proposta de anulación do decreto da alcaldía números 576, con data 05/07/2023, polo que se dispón dar por finalizados os expedientes 2021/X998/000359 e Exp. Núm. 2023/G003/000603.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Que con data do 31 de agosto 2023 foi notificado O Decreto da Alcaldía número 576, con data do 05/07/2023, polo que se dispón dar por finalizados os expedientes 2021/X998/000359 e Exp. núm. 2023/G003/000603, resolvendo:

Primeiro: finalizar o expediente de reposición de legalidade urbanística iniciado por Resolución da Alcaldía núm. 425/2022 con data 13/07/2022
Segundo: acordar a posible legalización da terraza situada no espazo libre suxeito a Ordenanza Z5 de acordo co informe xurídico da secretaria-intervención de 19/06/2022

Terceiro: Requirit o interesado para que, no prazo de tres meses presente solicitude de oportuna licenza de obra da instalación da citada terraza adecuándose á normativa aplicable correspondente
Cuarto: Notificar esta Resolución da Alcaldía aos interesados con indicación dos oportunos recursos administrativos
Quinto: Notificar esta resolución da Alcaldía ao Rexistro da Propiedade para proceder á súa inscrición

Sexto: Dar conta deste decreto ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre".

As obras e as actividades a que se refiren os antecedentes da mencionada disposición, e que foran denunciadas polos veciños, tal e como se demostrará na documentación que se xunte esta denuncia, consistían en:

1,- Terraza de obra fixa que constitúe unha ampliación sobre terreo cualificado como zona verde e libre permanente no Plan xeral de Ordenación Municipal de Laxe (en diante PXOM) do local situado no baixo do edificio Atalaia n.º 2, con referencia catastral núm 9951209MH9895S0010XO, con licenza por obras **de acondicionamento do local** do 28/12/2022, sen que aos veciños lles conste ningunha licenza de ampliación, nin nunca desen consentimento a ela, tanto por edificarse en zona verde, libre permanente, como por sosterse a estrutura sobre un elemento común do predio como é a fachada. Sobre este espazo edificado en solo cualificado de zona verde e solo libre, o decreto confunde as obras de imposible legalización, tal e como despois dirase, coa actividade ilegal levada a cabo no local, con licenza de cafetería e exercer de Disco-Bar, sen contar con ningún requisito legal para exercer a dita actividade, as actuacións da administración neste expediente deben ser tratadas independentemente das denunciadas como OBRAS ilegais levantadas sobre solo de dominio público e solos cualificados de verde.

2,- Peche da totalidade do terreo cualificado como zona verde e solo libre que impide o uso dos veciños en particular e do público en xeral.

3,- Obra levantada sobre terreo cualificado como zona verde e solo libre, independente da cafetería e situada sobre o mesmo terreo público, aínda que polo mesmo titular e ao seu servizo; consistente nunha obra de formigón e estrutura de vigas fixas sen chegar ao pechamento e sen rematar o ter sido paralizadas as obras.

Todas elas edificadas sen a licenza correspondente e ser de **imposible legalización** por estar edificadas sobre un solo cualificado de VERDE E LIBRE PERMANENTE, solo adscrito ó Dominio Público, por ministerio da lei, por provir do desenvolvemento da unidade de actuación núm. 1(un) prevista nas normas subsidiarias do planeamento de Laxe no momento de desenvolver a dita actuación por instrumento urbanístico



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

correspondente, que se achega como proba ó presente recurso.

Alegamos que son **NULAS DE PLENO DEREITO** todas as disposicións do Decreto da Alcaldía núm. 576/2023 con data 05/07/23, a do 28 de decembro de 2022 e a de data que se descoñece pola que se autorizou a construción dun valado da zona verde, entre outras, polas seguintes razóns:

1,- Por afirmar que un ben DEMANIAL é de propiedade particular, tendo sido adquirido polo Concello de Laxe, por ministerio da lei, e tendo sido adscrito ó dominio público no desenvolvemento do planeamento para transformar un solo urbanizable en urbano, e da xusta distribución de beneficios e cargas deste, de acordo co estudo de detalle dictado para o ámbito de actuación das **normas subsidiarias do Planeamento de Laxe**, vixentes na data do desenvolvemento do citado estudo de detalle, aprobado e publicado no BOP N.º 133 do 12 de Xuño de 1997

2,- Por tratarse de solo cualificado no PXOM de Laxe como zona verde-espazo libre que non permite as actuacións autorizadas, expresa ou tacitamente.

3,- Por outorgar licenzas e autorizacións das obras fixas edificadas sen licenza e sen ter en conta a cualificación do PXOM de Laxe como Zona 5, Zona Verde e S.L libre permanente que teña.

Fundamentamos a Moción nas seguintes

CONSIDERACIÓNS:

A MOCIÓN preséntase contra as seguintes resolucións, expresas ou tácitas:

1. Decreto 576/2023, do 5 de xullo de 2023
2. Decreto, supostamente de Alcaldía, do 28 de decembro de 2022 de outorgamento de licenzas de acondicionamento do local sen que conste licenza sobre a ampliación en zona verde. Desta resolución tense coñecemento por primeira vez a través da resolución do 5 de xullo.
3. Autorización de peche e privatización da zona verde que nos ocupa, expresa ou tácita, con data descoñecida.
4. Licenza de disco-bar, de data descoñecida, pola que supostamente se autorizou o uso do local destinado a cafetería a ese outro uso, entendendo que se o Concello non actuou ata o momento contra a actividade exercida á marxe da licenza de cafetería é porque dispón desa autorización.

ANTECEDENTES:

1. - O Ámbito de Actuación, onde hoxe sitúase o solo municipal adscrito ao dominio público, constituía o predio denominado "Montillos", situado entre a Avenida Cesáreo Pondal e a Praia de Laxe cos seguintes lindeiros: Norte coa praia de Laxe; Sur avenida de Cesáreo Pondal; Este predio de Don José Rodríguez Labrador e Oeste predio do Concello de Laxe. O dito ámbito (predio único propiedade de Urbanizadora Mira S.L) tiña a condición de solo urbanizable xa que toda ela constituía a Unidade de Actuación núm. 1 sinalada nas **NORMAS SUBSIDIARIAS DO PLANEAMENTO** do municipio de Laxe (en diante N.S.P.M), vixentes ata a aprobación do PXOM de Laxe no ano 2009. Acompáñase como documento número 1 as N.S.P.M vixentes en Laxe no momento de desenvolvemento da unidade de actuación, páxinas 29 e 30 delas. Nelas danse as determinacións para o desenvolvemento da unidade, co fin de conseguir pasar a ser solo urbano e a te-los soares resultantes dereitos de edificación, así como, pola súa vez, cumprir coas obrigas de urbaniza-lo seu cargo, e a **Cede-los** terreos previstos na Lei 1/1997 do solo de Galicia (en diante LSG) vixente no momento do desenvolvemento do sector.

2. - Con data do 12 de xuño de 1997, o pleno do Concello do municipio de Laxe aprobou definitivamente o Estudo de Detalle promovido polo



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

titular dos terreos e promotor da edificación, "Urbanizadora Mira S.L". O instrumento urbanístico, redactado polo Arquitecto Sr Álvaro Fernández Carballeda, ten por obxecto desenvolver a Unidade de actuación, descrita no punto anterior, establecendo as aliñacións e rasantes, fixar a edificabilidade de solo e sinalar os espazos públicos de cesión ao municipio sempre dentro dos parámetros sinalados nas N.S.P.M de Laxe.

Na proposta de Ocupación do Terreo preténdese:

- Organizar a Parcela conforme as actuacións municipais previstas,
- Delimitar as distintas tipoloxías edificatorias que se poidan presentar
- Resolve-los accesos viarios e demais problemas de tráfico e
- Situar os bloques de vivendas de tal forma que se xere un amplo espazo público entre as dúas franxas edificatorias.

E di o citado texto: "Con esta organización conseguimos a xeración dun amplo espazo público vinculado ás vivendas, permitíndonos: Garantir as transparencias visuais tanto pola súa xeometría como pola súa dimensión e **LOGRAR UN ESPAZO PÚBLICO CON CARÁCTER DE PRAZA amplo e resgardado**". publicado no Boletín Oficial de la Provincia N.º 133 do 12 de Xuño de 1997, do acordo de aprobación definitiva do Estudo de Detalle referenciado.

3. - Con data do 30 de novembro do ano 2009 publicouse o acordo de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación de Laxe (A Coruña). O plan xeral inclúe os predios de referencia en solo urbano consolidado, recollendo puntualmente as distribucións previstas no Estudo de Detalle, mantendo en solo público as cualificacións urbanísticas da praza como zona verde e solo libre. O plan Xeral nin modifica nin cambia o destino do ben, nin aumenta a edificabilidade da parcela; **EDIFICABILIDADE ESGOTADA** por estar totalmente edificados (e superados) os parámetros fixados no estudo de detalle ao que facemos referencia.

4. - Os veciños do contorno veñen denunciando ante a Alcaldía, desde o ano 2020 a **USURPACIÓN** do dominio público e as obras de imposible legalización construídas sobre el, cando observan que todo o espazo de dominio público, está sendo valedo impedindo o acceso ao público, ampliando a superficie do local comercial, (dedicado a cafetería) sobre solo público con obras fixas, consistentes en ampliación do local con incremento da superficie del en máis do 100% da que consta na división horizontal do predio e no Rexistro da propiedade e catastro, así como unha segunda superficie fixa, non vinculada fisicamente ao local, pero que ocupa sempre solo adscrito ao dominio público

Nas sucesivas ordes municipais o alcalde suspende as obras en construción, pero nada di das terminadas sen licenza de ningún tipo, nin do peche da totalidade do solo público. O expediente parálizase durante dous anos, arquívase e se volve reactivar, pero non hai ningunha resolución en defensa dos dereitos públicos e municipais, a pesar das diferentes denuncias presentadas no concello polos veciños.

5.- O 22 de Xullo do ano 2022 os denunciante acuden ao xulgado de primeira instancia de Carballo para pór en coñecemento do xuíz o posible delito de prevaricación cometido polo alcalde e a secretaria do Concello.

Por auto de data 8 de novembro do ano 2022, o xulgado dita auto de **archivo provisional** das actuacións baseándose fundamentalmente no feito de que: os feitos imputados ao alcalde de Laxe non permiten apreciar o delito estudado , ao **non existir nin unha resolución arbitraria nin unha omisión equiparable**, di ademais que : "A cuestión non está exenta de certo debate, do que dá conta a secretaria do Concello ao explicar o estado do expediente ante o pleno do Concello con data do 28 de Xullo, cuxa acta foi recentemente remitida pola Administración. Así se explica que algúns informes avalaban a posible legalización da obra discutida, TESIS REXEITADA pola secretaria, cuxo criterio acabou finalmente prevalecendo", de acordo cos informes da secretaria, do servizo técnico da Deputación da Coruña, e acordo do pleno do Concello do



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

28/07/2022.

6.- Polo que respecta á actividade de disco-bar que se vén dedicando o local de cafetaría situado no edificio da comunidade de propietarios, dada a total falta de actividade municipal a pesar dos anos denunciando unha actividade que non se adapta á licenza, Entendemos que esa inactividade deriva da autorización expresa ou tácita que lle debe ter outorgado o Concello e por ese motivo o propietario actúa con total naturalidade, sabéndose intocable.

7. - O valado e privatización da zona verde é tamén evidente que dispón dalgunha autorización, expresa ou tácita, posto que tampouco resulta explicable que o Concello permitise tal flagrante ocupación a pesar das denuncias.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

Primeiro: O réxime xurídico dos bens e dereitos de dominio público encontra o seu fundamento no dereito Romano que os distingue como aqueles bens que pertencen a todos os cidadáns "Respectuosos", a diferenza dos bens patrimoniais que poden ser alleados "Resistencial". Esta definición de dereito romano constitúe o xerme da actual separación entre:

a) bens **DEMANIAIS** afectos ao uso público como son as rúas, PRAZAS, pontes, fontes etc.

b) bens patrimoniais: como escolas, centros de saúde etc., que estarían sometidos en parte ao réxime privado.

Por tanto, os bens demaniais, como é a zona verde obxecto destas actuacións, que foron cedidas ao municipio de Laxe para a súa adscrición ao dominio público por ministerio da lei, de conformidade co artigo 132.1 da Constitución española (en diante C.E) teñen tres características propias: Son **inalleables** (non se transmiten), son **inembargables** (non se embargan) e son **imprescritibles** (mentres non sexan des-afectados do dominio público por Lei).

Fundamentos xurídicos que deberían coñecer suficientemente os asinantes e redactores de informes e do Decreto, así como o secretario do Concello, por tratarse da Norma suprema á que se deben axustar todas as administracións públicas (incluso o Concello de Laxe).

O artigo 6 da Lei 33/2003 do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (en diante LPAP) ditada no desenvolvemento do precepto constitucional arriba mencionado, regula este tipo de bens, no que cabe resaltar que, respecto ós bens adscritos ó dominio público as administracións non son propietarios comúns xa que **NON** dispoñen de plena liberdade de actuación.

Entre as funcións que lle son propias aos alcaldes, estes **NON** teñen atribuída a potestade de dispoñer dos bens demaniais; respecto a eles o alcalde só pode defender o dereito a que se manteña o uso a que están adscritos e velar polo mantemento para o seu uso xeral polos cidadáns.

É por tanto nulo de pleno dereito o decreto da Alcaldía que xustifica, con base nos informes xurídicos emitidos, devolver o solo municipal ao antigo propietario.

É, ademais de Nulo, tan aberrante que se lle dá a paradoxa de que o alcalde e os informes xurídicos que lle dan soporte defenden o infractor-usurpador dun terreo municipal de dominio público, e que pretende construír sobre el sen dereito ningún que lle ampare, mentres que os veciños asinantes deste recurso de reposición defenden A LEGALIDADE e ao Concello de Laxe e, en síntese, a tódolos veciños que pagan ós asesores do alcalde para que lles desposúa dun ben da comunidade.

Segundo: A LSG, 7/1997 do 7 de marzo, vixente no momento da aprobación do estudio de detalle, impoñía no seu articulado os dereitos e deberes dos propietarios de solo urbanizable incluídos nun ámbito de repartición ou actuación:

Sección segunda Solo Urbanizable, Artigo 72.2:

"Os propietarios de solo urbanizable deberán:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

a) Cede-los terreos destinados polo plan xeral ou (N.S.P.M) a sistemas xerais de dominio público incluídos neste solo ou adscritos a el.

b) Ceder gratuitamente e obrigatoriamente a favor do Concello os terreos destinados a vías, zonas verdes, e espazos libres públicos. Terán a consideración deste carácter, en todo caso, o sistema viario de interese xeral e as reservas mínimas, legalmente establecidas, para os sistemas de zonas verdes e espazos libres para dotacións"

Unha vez determinado que o espazo que nos ocupa é de dominio público por ministerio da lei (por estar así disposto na lei) e adscrito ó dominio público, todas e cada unha das razóns expostas no informe xurídico, no que se ampara o decreto do alcalde, son **FALSAS** e intentan confundir e crear indefensión ó interese xeral, ao afirmar que ese solo é privado e que ten a consideración de soar edificable a favor dun particular. Sorprende pois a insistencia do alcalde, que sen ter feito inspección ningunha nin ditar xamais ordes de derribo, despois das denuncias veciñais, procure por todos os medios paralizar o expediente iniciado por instancia de parte e non lles dar crédito aos informes técnico-xurídicos emitidos polos servizos da Deputación e a anterior secretaria do Concello, **para volver a insistir** no mantemento da ilegalidade, co propósito de protexer intereses particulares, en contra do ordenamento xurídico e do interese xeral do Municipio de Laxe.

É por esta razón que entendemos que existe unha **autorización, expresa ou tácita**, municipal de data e contido que descoñecemos **pola que se outorgou a ocupación e valado da zona verde.**

Terceiro: A Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia nos seus artigos 143 e seguintes establece que as licenzas se outorgan de acordo coas previsións da lexislación e cumprindo con todos os requisitos previstos nas normas contidas nos artigos 144 a 150.

En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística, art. 152.3 a), se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co planeamento urbanístico, como é o caso que nos ocupa, se ordenase a súa demolición á custa do interesado. Se os usos non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico acordarase a súa cesación.

O artigo 153.1 respecto ás obras acabadas sen licenza, comunicación previa, orde de execución ou incumprimento delas, a persoa titular da Alcaldía, dentro do prazo de 6 anos, contados desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade procedendo segundo o disposto no artigo anterior.

Pero pola súa parte o artigo 155.1 establece que aos actos de edificación e uso do solo recollidos no artigo. 142 (licenzas urbanísticas) que se realicen sen o título habilitante exixible, en terreos cualificados polo planeamento urbanístico como zonas verdes, espazos libres e viarios públicos ou na zona de protección do art. 92,1, dotacións ou equipamentos públicos, non lles será de aplicación a limitación de prazo que establece o artigo 153.1 as obras realizadas en solo verde non prescriben nunca

Art.155.2, as licenzas ou ordes de execución que se outorgasen con infracción da regulación urbanística desas zonas serán **NULAS DE PLENO DEREITO**, contrariamente ao que se dispón no Decreto da Alcaldía, ao considerar que a ampliación da cafetaría sobre terreo **demanial**, cualificado como zona verde, sería de aplicación a prescrición de 6 anos prevista no artigo 153; todo iso non só pola imprescritibilidade dos bens de dominio público senón tamén por estar edificadas sobre solo verde e zonas libres; obras que non teñen data de prescrición no noso ordenamento xurídico (art. 155.1). Ademais, o artigo 158 da mesma norma, tipifica como infracción **MOI GRAVE** as accións ou omisións que constitúan incumprimento das normas relativas ao uso e edificación que afecten a terreos cualificados polo planeamento como zonas verdes, espazos libres etc.

Segundo o artigo 350.1 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se proba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

de Galicia, "As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística (artigo 143.1 da LSG)" e no 351.2 "En todos os casos indicados no número anterior, a licenza deberá ser outorgada de maneira expresa, e o **silencio administrativo terá carácter negativo** respecto dos actos para os que así se estableza expresamente na lexislación básica estatal."

O Art. 160.1 da vixente LSG, pola súa parte, respecto ás persoas responsables sinala que: "as obras que se executasen sen título habilitante ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, os técnicos redactores do proxecto e os directores das obras.

Art. 160.2: **nas obras amparadas nunha licenza constitutiva de infracción urbanística serán igualmente sancionadas as autoridades ou membros da corporación que resolven ou votasen a favor do outorgamento de licenza sen** os informes previos exigibles ou cando estes fosen desfavorables en razón daquela infracción

Cuarto: O PXOM de Laxe, no capítulo VII cualificado como Ordenanza Z5, regula as normas de aplicación dos espazos libres. O art. 246 das ditas normas dispón que o ámbito da clasificación Z5 será de aplicación na totalidade das parcelas situadas en solo Urbano, cualificando e sinalando estes espazos como **ZONA VERDE LIBRE PERMANENTE**, nos planos de ordenación correspondentes tanto para os sistemas xerais (SX) como para as dotacións (SL).

Nos ditos planos obsérvase que, a PRAZA PÚBLICA cedida ao Concello no proceso de desenvolvemento do Estudo de Detalle correspóndese pola CEDIDA a favor do Concello, por ministerio da lei na xusta distribución de beneficios e cargas do sector para acadar o fin de ser considerado solo urbano, a dita praza ten a cualificación urbanística de solo libre Z5 e SL.

O art. 248 establece os usos permitidos **compatibles co destino público** destes, e que son os propios de todas as prazas públicas, sen que a través do uso permitido poida trasladar a propiedade a un particular para pechalos ao público e edificar sen limitación ningunha, nin como continuidade dun local e actividade privada. Inclúense nestes usos, entre outros o de cafetería.

O art. 249 da mesma normativa, PXOM de Laxe, establece as condicións deste uso, sen perder nunca a condición de espazos públicos ao servizo da comunidade:

— Só se poderán ocupar con edificacións permanentes, tales como cafeterías, kioscos, palcos, e casetas ... Coa condición, ademais, que establecen as leis de dereito público, de que estas instalacións non impedirán o uso do espazo público pola comunidade e ao servizo de todos os cidadáns; é de resaltar ademais que non existe unha lei expresa que autorice estes usos en zonas de dominio público como é o caso.

O decreto do alcalde e os informes xurídicos, que lle dan base a el, ocultan que o espazo que nos ocupa está vinculado ás vivendas do contorno e tamén como se adquiriu o ben e a súa adscrición ao dominio público. Non se fai alusión ningunha a que ten carácter **DEMANIAL**, nin que foi subtraído do dominio público ao ter sido pechado na súa totalidade impedindo o uso á comunidade. Non se dá conta tampouco das accións tomadas polo alcalde en calidade de garante da legalidade, nin o porqué non hai as únicas funcións sobre bens demaniais que a lei lle outorga como é a defensa e coidado destes, para que permanezan ao uso e servizo público, así como o porqué durante dous ou tres longos anos ignora e permite que un particular os utilices como a súa xardín privado, e ocupe a título particular a totalidade do dominio público.

O dito espazo:

-Foi **valado** na súa totalidade, e destínase a usos privados do promotor dos terreos



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

-Foi **edificado** pechando o acceso ao espazo público pola Rúa Atalaia cunha edificación fixa, ampliando o local existente no baixo do inmovible, sen licenza de ningún tipo que ampare as edificacións en zona verde, pasando a unirse coa edificación existente confundindo os solos de titularidade pública e privada.

- Foi **ocupado** cunha edificación fixa, de aproximadamente 80 m2 de superficie situada independente do local, edificación consistente en obra de formigón e estrutura de vigas fixas.

A Lei 7/1985 de bases de réxime local (en diante LBRL) nas súas art. 65 establece 1. Cando a Administración do Estado ou das comunidades autónomas considere, no ámbito das respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente este artigo, para que anule o dito acto no prazo máximo dun mes "

Art. 68.1. As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos. 2. Calquera veciño que se encontrase en pleno goce dos seus dereitos civís e políticos poderá requiri-lo seu exercicio á entidade interesada.

Este requirimento, do cal se lles dará coñecemento aos que puidesen resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o seu exercicio por un termo de trinta días hábiles.

Art. 69.1 As corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local.

Art. 78.1. Os membros das corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades serán esixirán perante os tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable.

2. Son responsables dos acordos das corporacións locais os seus membros que os votasen favorablemente.

Esta disposición reitérase en practicamente os mesmos termos no artigo 229 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG) e no artigo 22 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFCL).

¿Como explicar entón a reticencia do alcalde, cando este sabe desde o ano 2020 que os veciños do contorno veñen denunciando a usurpación do ben e a ilegalidade das obras efectuadas por un particular sobre dominio público?

O informe xurídico no que se fundamenta o decreto da Alcaldía di que o ben é de titularidade privada e que ademais o Concello non o ten inventariado. Pois ben, tampouco poderían ter atopado no inventario municipal de Laxe todos os bens adscritos ao dominio público, isto é Prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes, estanques e pontes, porque **a lei non obriga a inventariar os bens demaniais. Abonda a súa adscripción ao dominio público e a súa cualificación no planeamento urbanístico para certificar que o ben é demanial, e abonda un simple certificado do secretario do Concello coa cualificación urbanística do ben para que sexan incluídos no correspondente inventario. Neste caso o propio Concello, coa súa falta de dilixencia, xustifica un dereito particular lixo na non-inclusión do ben no devandito inventario, cando el é o único responsable de que non se encuentre inventariado.**

Finalmente, é conveniente concluír que:

A praza sinalada polo instrumento urbanístico no desenvolvemento do Polígono 1 de nas N.S.P.M. de Laxe polo que se aprobou a repartición de benéficos e cargas de sector, **constitúe dominio público desde o mesmo momento en que o promotor das obras obtén as licenzas de edificación**, convertendo o sector en solo urbano consolidado.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*O promotor obtén o beneficio (edificabilidade) que lle outorga o plan, podendo edificar onde era un areal, pero co deber de **Cede-los** espazos públicos e urbaniza-los terreos. As zonas verdes e solos libres vinculados ás vivendas correspóndense cos estándares urbanísticos previstos pola lei **do sector cualificando e destinando** estes solos ao uso público en beneficio dos cidadáns. Así resultan adscritos ó dominio público e obteñen a condición de bens demaniais por ministerio da lei, sendo, por tanto, ilegal e ilegalizable calquera obra realizada sobre eles.*

Á vista do Decreto e informe xurídico en que se basea, sorprende a esta parte a súa falta de rigorosidade xurídica, embarrando as normas ata o punto de empregar siglas para a denominación das leis que non se identifican de ningún modo, e mesmo empregando normas que non son de aplicación, como é o caso das normas subsidiarias do planeamento do Concello de Vimianzo, sic) polo que todo isto demostra a falta de fundamento e de credibilidade, mesmo do propio asinante, do seu asesor e supostamente do secretario, e provoca unha indefensión aos cidadáns aos cal vai dirixido, co único propósito de intentar confundir o seu xuízo coa soa pretensión de manter intereses particulares en prexuízo do ben xeral.

CUARTA: LICENZA DE ACTIVIDADE DE DISCO-BAR

Ao igual que a través do Decreto do 5 de xullo pasado temos coñecemento dunhas obras de acondicionamento do local que, como é lóxico, entran no mesmo réxime de nulidade que o resto de actuacións en solo cualificado como zona verde-espazo libre, chegamos á conclusión de que o Concello outorgou nalgún momento licenza de actividade de disco-bar ao local de cafetería dos baixos do noso predio xa que esa é a actividade que exerce e de ser así sería que non se adapta á licenza concedida e, por tanto, o Concello, en lugar actuase conforme o que lle corresponde facer legalmente. Por tanto, para o suposto de que a actividade que se exerce no local indicado dispoña de licenza de actividade de disco-bar ampliamos, ad cautelam, o recurso a esa resolución, expresa ou tácita municipal. De non dispoñer desa licenza o Concello ten a obriga de obrigar ao titular do local a adaptar a actividade á licenza mentres non dispoña de autorización legalmente concedida. E de persistir na apertura exercendo unha actividade e nun horario diferente ao da súa licenza de cafetería, tería que clausurar o local.

QUINTA: RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

A resolución da alcaldía N.º 576/2023 rematando o expediente de reposición da legalidade, demostra a gravísima irregularidade constitutiva de delito ao trasladar o dominio público a un particular, e mesmo a darlle orde a dar traslado ao Rexistro da Propiedade para a súa inscrición a nome dun particular.

De acordo co artigo 404 do Código penal incorren en delito de prevaricación os que ditan unha resolución a sabendas da inxustiza dela. O alcalde non pode ignorar nin alegar a súa inxustiza, posto que as denuncias dos veciños ante a alcaldía comezan no ano 2020, advertindo a este que o dominio público foi usurpado e pechado ao uso público e edificado tendo a cualificación de solo público.

*A partir deste momento calquera membro do Concello, a título individual ou a través dos órganos colectivos municipais, **non poden argüir descoñecemento das súas obrigas**, e do que non poden facer, que sería desestimar este recurso, de forma expresa ou por silencio. **De facelo incorrerían en presunto delito de prevaricación.***

RESPONSABILIDADES:

Por propósito das responsabilidades e da comunicación de feitos punibles prevista no artigo 43 e seguintes da LPAP, onde se establece o réxime de control xudicial, en defensa do patrimonio público, o artigo 44 di que "se con ocasión da instrución destes procedementos se descubren indicios de delito ou falta penal, e logo de informe da avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico nas administracións públicas (neste caso ó Sr. Secretario da corporación que ten o



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

deber de advertir da ilegalidade), poranse os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de continuar coa tramitación daqueles". É dicir, non é necesario que se outorgue a licenzia nin o finaliza-lo procedemento, xa que a lei establece que o simple indicio de delito ou falta penal co informe do secretario debe ser posto en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Por todo isto

PROPOÑEMOS:

1,- Que se **ESTIME ESTA MOCION** e se declare **NULOS de PLENO DEREITO** en todos os seus pronunciamentos os decretos núm. 576/2023, con data 05/07/2023, notificado con data do 31/08/2023. A resolución de 28/12/2022, de acondicionamento do local, e o de data descoñecida pola que se autorizou o valado da zona verde, polos motivos expostos neste recurso e **RECOÑEZA EN CONCRETO** que:

a) Que se recoñeza que o solo a que se refiren estas resolucións está cualificado como zona verde-espazo libre público no PXOM do concello de Laxe.

b) Que se recoñeza que este solo é de dominio público, cedido a o Concello desde o momento da execución do Estudo de Detalle e a concesión da preceptiva Licenzia Municipal, e que non pode ser devolto ao seu propietario anterior, promotor do estudo de detalle e da execución deste.

c) Que se recoñeza que as obras autorizadas, executadas á marxe de calquera autorización e as que se anuncia que se legalizarán en solo público non son legalizables e que a súa infracción non prescribe nunca.

d) Que se recoñeza que as actuacións municipais sobre ese solo son exercidas excedendo da competencia legal do alcalde.

2,- Que **ANULE a** autorización, expresa ou tácita, para o exercicio da actividade de disco-bar no local dos baixos do predio da comunidade de propietarios, por non ser conforme a dereito, e de non ter autorizado a actividade, **RESOLVA** pechar o local e adaptalo á licenza de cafetaría.

3,- Que **SE DEA TRASLADO** destas actuacións á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que se impoñan as sancións que procedan sobre as infraccións, en materia de Urbanismo descritas e que a Lei cualifica como moi graves.

4,- Que **SE DEA TRASLADO**, por parte do secretario do Concello, destas actuacións ao Ministerio Fiscal, en función do artigo 44 da LPAP.

5,- Que se **ORDENE** todas as demolicións das obras executadas sobre dominio público, así como a reposición dos bens ao estado anterior.

5,- Que **SE ORDENE** a apertura do espazo libre público para o uso e desfrute de todo o municipio e dos seus cidadáns sen máis dilacións indebidas.

6,- Que de **RECOÑEZA** o erro en que se incorreu e **SE EMENDE** á maior brevidade ou, se é o caso, **SE ABRAN DILIXENCIAS** para esclarecer os motivos polos que se manteñen persistentemente unhas actuacións, por acción ou omisión, tan sumamente contrarias a dereito.

D. Francisco Vidal explica a moción e o secretario traslada coa venia do Alcalde-Presidente que dita moción non pode prosperar xa que sería ilegal votar a favor dela xa que carece da máis mínima sustancia procedimental, e que non é a vía para apartar do tráfico xurídico un decreto adoptado cos informes preceptivos motivados e no seo da súa competencia, habendo un recurso de reposición interposto.

D. Francisco Vidal propón á vista das explicacións a súa retirada da Orde do Día.

D. Xosé Manuel Pose vai na mesma liña que o secretario e di que o recurso de reposición presentouno un familiar directo de D. Francisco Vidal o que podería incorrir en causa de abstención e que se non hai capacidade para ver o expediente, unha moción tan longa non ten lugar.

Pásase á votación a retirada da moción co seguinte resultado:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A FAVOR: 9 (5 PP, 3 BNG e 1 PSdeG-PSOE)

ABSTENCIÓN: 1 UNIDA PODEMOS

4.3.2 Moción contra da explotación sexual de mulleres e nenas

O concelleiro do PsdeG-PSOE, Francisco José Vidal Castro explica a seguinte moción:

*“O Grupo Municipal dos Socialistas de Laxe de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O 23 de setembro conmemórase o **Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos**. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e a desigualdade.*

As mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Por iso prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden disociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no "Balance Estatístico 2022 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España" elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 129 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, catro delas menores de idade, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 435 (10 menores).

Isto reafirma que a prostitución non é un traballo nin unha actividade como calquera outra, o “traballo sexual” non existe e a libre elección da prostitución é un mito, as mulleres prostituídas sempre son as pobres e as vulnerables do mundo, aquí e en todas partes. Cando falan dos dereitos das mulleres prostituídas, en realidade falan dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteiros.

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas en todo o mundo, das cales o 90% depende dun proxeneta e o 75% ten entre 13 e 25 anos.

O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice a este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e aos clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

Como sinalou a eurodeputada alemá Maria Noichl: “o noso obxectivo é atopar unha solución europea a un problema europeo que ata o de agora foi ignorado e poñer fin á explotación que só significa diñeiro para outros (...) mentres estea socialmente aceptado que as mulleres están en



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

venda, non poderemos lograr unha verdadeira igualdade de xénero”.

Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis crueis nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Desde o Concello de LAXE asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual.

Así mesmo, queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que localizan ás vítimas e as axudan a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais, evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres e nenas, alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Polo tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución. Hai que abolila e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e rematar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar dende Galicia na súa erradicación. O plan contempla toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Mais é necesario tamén ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores e estudar cal é o marco legal posible para perseguilos, tal e como xa están facendo noutros territorios. Loxicamente, para isto é preciso obter canto antes un mapa da situación da prostitución en Galicia, algo que contempla o plan galego pero que descoñecemos se xa existe.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Laxe presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes

ACORDOS:

- 1. O concello de Laxe adherirase á rede de cidades/pobos libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.*
- 2. A través de ordenanzas municipais, prohibirase a colocación, repartición, divulgación e/ou difusión de publicidade que promova, favoreza ou fomenta o consumo de prostitución e a explotación sexual das mulleres, o mercado da prostitución ao e o turismo sexual.*
- 3. Revisaranse as licencias administrativas municipais concedidas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación ás actividades desenvolvidas en determinados locais coa fin de evitar que neles se promova a explotación sexual.*
- 4. Estreitarase a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas de explotación sexual.*
- 5. Impulsaranse, dentro do noso marco competencial, as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas de trata e explotación sexual.*
- 6. Contribuirase a xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución mediante campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

7. O Concello de Laxe insta a Xunta de Galicia a:

7.1. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o actual período de sesións, un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

7.2. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e a prostitución en Galicia.

7.3. Poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións.

Nomeadamente:

a) Revisar as licencias administrativas concedidas polas administracións galegas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación a actividades desenvolvidas en determinados locais e espazos coa fin de evitar que neles se promova ou desenvolva a explotación sexual.

b) Impulsar as modificacións legislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.

7.4. Pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poida denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución.”

D. Francisco Vidal explica o contido da moción e duda de que sexa o lugar adecuado para o seu debate pero traslada que son obrigas do partido.

D. Xosé Manuel Pose traslada o seu voto favorable xa que o BNG levará ó Pleno da Deputación a celebrar ó día seguinte unha proposta similar. O Alcalde-Presidente contesta que a Xunta de Galicia xa implementa medidas na liña da proposta presentada, e que en todo caso, a modificación do Código Penal e dos seus delitos lle compete ó goberno estatal que neste caso e do PSOE, ó cal lle convida a dirixirse.

Pásase á votación a moción anterior, co seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 5 PP

Queda por tanto aprobada o moción exposta.

4.3.3 Moción en defensa do servizo básico e esencial da educación pública

O concelleiro do PsdeG-PSOE, Francisco José Vidal Castro explica a seguinte moción:

“MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de LAXE, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia inicia o curso 2023-2024 con 60 unidades menos de infantil e primaria e cun recorte de 89 profesores. Esta tipoloxía de datos, moi frecuentes en Galicia, son os que marcan a importancia da educación pública para o goberno autonómico galego. **Recortes, recortes e recortes de dereitos e oportunidades para todos e todas.** Cada comezo de curso un pequeno recorte que ao longo dos anos fai mella na calidade educativa, nas condicións e calidade do profesorado, na economía das familias e sobretudo na posibilidade de crecemento personal nas mellores condicións e máis igualitarias dos nenos e nenas galegas.

As **condicións laborais do profesorado galego** teñen unha realidade lamentable, sendo o colectivo docente con maior horario lectivo de todo o estado. Cada curso necesitan máis tempo para resolver asuntos burocráticos que para atender as necesidades didácticas do centro educativo. Moitas das causas desta excesiva burocracia veñen dadas pola mala xestión da consellería de educación, a cal necesita xustificar proxectos educativos para facer a súa propaganda partidista. Eso sí, a conta do profesorado que ten explotado nas aulas cubrindo papeis en lugar de programar, formarse e atender ao alumnado para mellorar a calidade educativa na nosa comunidade.

O ensino non pode ser de calidade se a **rateo non se axusta ás necesidades actuais e específicas do alumnado de cada centro**. Non pode ser unha cuestión numérica, sen ter en conta as cuestións específicas e necesidades de cada alumno ou alumna, ou sen ter en conta por exemplo a situación da escola do rural. A resposta da Xunta de Galicia son pehes de escolas, redución de aulas e redución de profesorado como alternativas para a mellora do sistema educativo galego. A negativa ou a incapacidade de xestión do goberno da Xunta de Galicia, que non ve a posibilidade e oportunidade de mellorar a calidade educativa nas escolas do rural e da cidade, fai que teñamos menos aulas, menos escolas e menos profesorado no rural e na cidade. O único que buscan é recortar en servizos públicos para beneficiar a servizos privados e facer propaganda para os seus intereses. Ante un goberno mediocre temos un servizo de educación pública mediocre.

A **Galicia rural** é quen máis sofre os recortes no ámbito da educación pública. É onde se sofre a maior parte de supresións de unidades, falta de dotación de persoal especialista en atención á diversidade, pehes de centros, agrupación forzosa de alumnado, reducidos a meros números, creando unha desigualdade educativa entre o alumnado do rural e o dos ámbitos urbáns e semiurbáns que contan con máis oportunidades. A falta de programación da Consellería de Educación e a falta de toma de decisións valentes do presidente do goberno da Xunta de Galicia fai que a educación en Galicia sexa cada curso de peor calidade.

No 2009 coa chegada do Sr. Feijoo ao Goberno da Xunta de Galicia, acabou co **sistema de préstamo universal de libros de texto** que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista **Emilio Pérez Touriño**. Noutras comunidades son quen de ter un sistema de préstamos universal de libros, algunha destas comunidades son quen tamén de valorar e invertir en educación uns 293 millóns de euros no que se benefician o alumnado directamente. Ao contrario que en Galicia cunha inversión de 58 millóns de euros, non sendo esta consellería, a de educación, unha das importantes para o goberno do Partido Popular.

Ante o inicio de curso máis caro da historia, a Xunta de Galicia deixa sen axuda ás familias dificultando máis a **situación económica familiar**. Cando o encarecemento da vida sube de media entre 200 a 400 €, o goberno do PP sube as axudas económicas en 20€ con diferenza do curso pasado. Isto transmítese en que máis do 60% das familias galegas con fillos e fillas nas escolas públicas teñen que pagar polos libros de texto. O 76% das familias recorrerá a préstamos para poder financiar as compras do inicio do curso escolar.

Falando de **transporte escolar**, existe unha falta clara de medidas por parte da Xunta de Galicia, polo que moitas familias se ven afectadas. Son estas as que se fan cargo do transporte, e só teñen opción de pedir días de asuntos propios e incluso permisos sen soldo nos seus traballos,



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

para poder levar as súas fillas e fillos ao instituto porque carecen de liña de transporte que cubran os horarios e porque a alternativa é que as rapazas e rapaces vaian na única liña dispoñible e esperen as portas do centro ata unha hora no mellor dos casos. Isto é o que entende o goberno da Xunta de Galicia por conciliación familiar.

En definitiva, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia pretende tapar todas as carencias do sistema educativo cunha “maquina de propaganda” que non é capaz de ocultar a realidade que existe no sistema educativo galego, no que tanto as familias como os docentes están moi descontentos e a desconfianza cara un Ensino Público mal xestionado están cada vez máis presentes.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG PSOE propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de XXXXX insta á Xunta de Galicia a:

- 1. A **recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.***
- 2. Elaborar un **plan específico** e estratéxico de organización do sistema educativo actual priorizando e potenciando as **escolas do rural.***
- 3. Reformar as **condicións laborais do profesorado**, mellorando soldos, reducindo número de horas lectivas e redución da burocracia.*
- 4. Baixar a **rateo** adecuándose ás necesidades de organización dos centros educativos actuais e a atención a diversidade do alumnado.*
- 5. Garantir o **servizo de transporte escolar** público para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.”*

D. Francisco Vidal explica a moción que é do partido en favor dos servizos básicos de educación.

Dna. María Cristina propón incluír un punto 6º coa inclusión do alumnado con necesidades especiais.

O Alcalde-Presidente defende a actuación da Xunta de Galicia e D. Francisco Vidal non admite as enmendas propostas.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 5 PP

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 5 PP

Queda por tanto rexeitada a moción proposta, co voto de calidade do alcalde.

4.3.4 Moción para a convivencia en Cataluña

O concelleiro do PsdeG-PSOE, Francisco José Vidal Castro explica a seguinte moción:

*“MOCIÓN PARA A CONVIVENCIA EN CATALUÑA
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A irresponsabilidade histórica do PP.

O preámbulo da Constitución española recolle que o pobo español manifesta, entre outras, a súa vontade de:

“Garantir a convivencia democrática dentro da Constitución e das leis conforme a unha orde económica e social xusto.

Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións.”

Por tanto, a convivencia é un valor supremo do noso ordenamento constitucional que ha de inspirar a acción de todas as formacións políticas, en particular daquelas que se din de Estado.

Lamentablemente, hai moito tempo que o Partido Popular ten condutas que non foron precisamente en prol da convivencia entre os españois, utilizando o conflito territorial, especialmente con Cataluña, como arma política para tentar obter mellores resultados noutros lugares de España.

A vitoria electoral do PP en 1996 foi acirrada ao berro de “Pujol anano, fala castelán”, o que anos máis tarde o propio Aznar definiu como “un pouco xocoso”. Semanas despois, o entón dirixente popular pasou a falar catalán na intimidade tras a firma dos acordos do Majestic que propiciaron o traspaso de copiosas competencias á Generalitat de Catalunya.

Para a dereita política e mediática leste era un pacto pola gobernabilidade eloxiado por terra, mar e aire. Algo inaudito se temos en conta que, tres anos antes, cando Felipe González chegaba a un acordo con Jordi Pujol para formar goberno, esas mesmas dereitas acusábanlle de humillarse e de comprometer os intereses de España para continuar no poder; dicíase tamén que o pobo español pagaría un alto prezo para que González seguise no poder.

Unha das competencias transferidas á Generalitat como consecuencia do pacto do Majestic foi a de tráfico. Fíxose mediante unha Lei orgánica específica posto que esta competencia non estaba prevista no Estatuto de Autonomía e supuso que a Garda Civil deixase de exercer esa función en Cataluña, en favor dos Mossos d’Esquadra. Co que tivemos que escoitar cando se transferiu a mesma competencia á Comunidade Foral de Navarra, estando esta prevista no seu Estatuto.

Co pacto do Majestic, ademais, elimináronse os gobernadores civís, cedeuse o 30% do IRPF, traspasouse o INEM e as políticas activas de emprego, modifícase a Lei de Portos para que a Generalitat nomee aos presidentes dos portos de interese xeral ... E Cataluña aprobou unha Lei de Normalización Lingüística sen que o PP nin a dereita mediática rechistaran.

E a todo iso hai que engadir os indultos a 16 membros da banda terrorista Terra Lliure que concedeu o Goberno de Aznar en 1996.

Branco e en botella: se o acorda o PP, mesmo moito máis, é responsabilidade e pacto de Estado; se o fai o PSOE, entón rompe España con tal de manterse no poder. Durante a tramitación do novo Estatuto de Autonomía de Cataluña, o PP volveu demostrar a súa irresponsabilidade e a súa dobre vara de medir. Mentres recorría ante o Tribunal Constitucional unha infinidade de artigos do novo Estatuto catalán, Rajoy votaba a favor artigos idénticos noutros Estatutos (incluída a bilateralidad, por exemplo).

Á súa vez, Rajoy recollía firmas contra o Estatuto catalán para pedir un referendo sobre o mesmo en toda España coa seguinte pregunta: Considera conveniente que España siga sendo unha única nación na que todos os seus cidadáns sexan iguais en dereitos e obrigacións, así como no acceso ás prestacións públicas?

Novamente viña a dicir que España rompía e que non habería igualdade entre os españois. Dezasete anos despois a mesma música, a mesma letra e España non se rompeu, mesmo a pesar dos ataques contra a convivencia do PP.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Dous referendos ilegais e unha declaración unilateral de independencia co goberno de Mariano Rajoy. Cando España puido romper.

Aquela tensión á que Rajoy someteu as relacións de Catalunya e o conxunto de España están considerados como o inicio do proceso que tanta confrontación e división produciu entre cataláns e que someteu a tanta tensión territorial ao noso país.

Así, a Diada do 11 de setembro de 2012, con Mariano Rajoy no Goberno, contou coa presenza dun millón e medio de cataláns que pedían a independencia, segundo a Garda Urbana de Barcelona. Poucos días despois, o Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, e o da Generalitat de Catalunya, Artur Mas, reuníanse na Moncloa sen que houbera avance ningún, pechándose toda opción de diálogo.

A consecuencia foi o adiamento electoral en Cataluña ao 25 de novembro de 2012, cun claro enfoque plebiscitario. No mesmo debate de política xeral no que Mas anunciaba a convocatoria electoral, os independentistas aprobaban unha iniciativa no Parlament que comprometía a celebración dun referendo soberanista.

A negativa ao diálogo do PP é o mellor caldo de cultivo para o independentismo e o resultado electoral reforza as posicións independentistas cun incremento de 10 puntos na participación.

Así as cousas, o apoio ao independentismo crece nas rúas, rexistrando as Diadas de 2013 e 2014 o maior apoio ao independentismo nas rúas de Barcelona. Neses anos, segundo a Garda Urbana, os manifestantes ascenderon a 1,6 e 1,8 millóns respectivamente.

A de 2014 convértese no prolegómeno ao primeiro referendo ilegal pola independencia, celebrado o 9 de novembro dese ano a pesar de que Mariano Rajoy dixo que a consulta

“nin se pode nin se vai a celebrar”. Pero celebrouse, con centro de prensa e difusión de resultados incluído, a pesar da suspensión do Tribunal Constitucional. Un ridículo supino.

O desafío independentista aumenta ante a inoperancia política do goberno do PP e o 27 de setembro de 2015 celébranse novas eleccións en Cataluña, cos dous partidos independentistas concorrendo nunha soa lista e cun claro compromiso para declarar a independencia.

Tras esas eleccións, Carles Puigdemont é elixido Presidente da Generalitat, asume a unilateralidade como única alternativa, promovendo leis de desconexión de Cataluña co Estado, un novo referendo ilegal o 1 de outubro de 2017 e unha declaración unilateral de independencia o 27 do mesmo mes.

Mentres o independentismo seguía mobilizándose masivamente, con cifras por encima do millón de persoas naquelas Diadas previas á DUI, o goberno de Rajoy opta só pola vía punitiva, renunciando ao diálogo, con reformas legais que non conseguiron disuadir ao bloque independentista da súa actuación.

Non só iso, unha absoluta inoperancia na escena internacional e a nefasta xestión do 1 de outubro fan que, nos días vindeiros, resulte difícil explicar o ocorrido ante outros países, agravando o risco de fractura territorial.

Este é o triste balance da actuación rixida do PP, cativa da súa actitude frontista contra algúns territorios, motivada polo espurio ánimo de obter mellores resultados electorais noutros lugares de España.

Desde logo, se houbo un momento no que España puido romper foi ese, non outro.

E nese momento, o PSOE apoiou ao Goberno ante semellante desafío, apoiando a aplicación do artigo 155 da Constitución e a convocatoria dunhas novas eleccións autonómicas, para garantir o respecto á Constitución e o cumprimento da legalidade en Cataluña.

Cataluña está mellor hoxe que en 2017 e España non se rompeu.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Tras a moción de censura do 1 de xuño de 2018, a chegada de Pedro Sánchez á Presidencia do Goberno non só supón a saída da Moncloa dun Partido Popular condenado por corrupción e o fin das súas políticas de recortes e precariedade que tanto dano infligieron á cidadanía española. O novo goberno socialista inicia unha senda de diálogo en relación con Cataluña que continúa tras as eleccións xerais de 2019 co goberno de coalición progresista.

Unha senda de diálogo, que ao contrario que o feito polo PSOE desde a oposición co 155, nunca contou co respaldo do Partido Popular, novamente enfrascado en utilizar a confrontación territorial como arma para facer oposición ao Goberno de coalición progresista.

Un diálogo que supuxo decisións difíciles, como os indultos parciais aos líderes independentistas condenados polo 1 de outubro e a declaración unilateral de independencia, pero que deu froitos evidentes. Até o punto de que a situación de Cataluña e de España é moito mellor hoxe que en 2017.

Hoxe é moito mellor a convivencia entre os cataláns e destes co conxunto de España, hoxe é moito menor a mobilización do independentismo (a última Diada xuntou a 115.000 persoas, lonxe das cifras da anterior década) e hoxe cúmprese a Constitución en toda España (salvo na sede de Xénova do PP onde levan cinco anos bloqueando a renovación do CGPJ).

E si, hoxe tamén a primeira forza política en Cataluña é un partido constitucionalista como o PSC, tanto nas eleccións autonómicas de 2021 como nas pasadas municipais e nas máis recentes eleccións xerais.

Todo o relato anterior pon de manifesto que co diálogo como ferramenta e a Constitución como marco os froitos foron máis positivos para a convivencia e para a unidade de España. A confrontación e a falta de respecto aos principios constitucionais que amparan a diversidade cultural e lingüística do noso país son unha rara forma de garantir a unidade de España.

Unha reflexión final.

Conviría á dereita facer unha reflexión sobre as súas ameazas apocalípticas cada vez que goberna a esquerda en España: “desmantelamento da nación”, “mutación constitucional”, “plantar cara con toda a determinación a un plan que quere acabar coa Constitución” ... Xa habemos visto que os maiores riscos de ruptura producíronse co PP no Goberno.

Son frases que preceden a convocatorias de mobilizacións que teñen o tufo de asonadas trumpistas e que pon de manifesto que non se dixere o resultado electoral nin se recoñece a lexitimidade dos gobernos que xorden da votación da cidadanía e das maiorías parlamentarias, como sinala o artigo 99 da nosa Constitución. Mesmo con carácter preventivo como ocorre agora ou previo a unha celebración electoral como ocorreu con aquela foto de Colón de febreiro de 2019 da que hoxe só queda o líder dunha ultradereita máis envalentonada e que é o único socio posible para o PP.

Porque ese é o fondo da cuestión: que non se acepta a lexitimidade dun goberno xurdido da vontade popular e das maiorías parlamentarias cando é progresista. Non se acepta a lexitimidade un goberno progresista que fai políticas para a maioría, pensando no interese xeral. Políticas que non gustan a unha minoría privilexiada, á que defende a dereita política, mediática e económica e que está disposta a “chegar ao límite e pór en risco o Estado con tal de terminar con el”, como alguén recoñeceu no seu día. El é sempre un Presidente de Goberno socialista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Laxe presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Ínstase ao novo Goberno de España a continuar facendo do diálogo, dentro do marco constitucional, a ferramenta para mellorar a convivencia entre cataláns e destes co resto de España.”



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

D. Francisco Vidal explica a moción que é do partido, e considera que non é o sitio para o seu debate pero que en todo caso debe primar o diálogo.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 5 PP

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSdeG-PSOE 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 5 PP

Queda por tanto rexeitada a moción proposta, co voto de calidade do alcalde.

4.4 Mocións presentadas por UNIDAS PODEMOS:

4.4.1 Moción de solicitude de inclusión de áreas de rehabilitación integral de distintas zonas do concello

O concelleiro de UNIDAS PODEMOS, Fernando del Moral Regaldíe explica a seguinte moción:

“MOCIÓN DE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE DISTINTAS ZONAS DO CONCELLO DE LAXE

D. Fernando Del Moral Regaldie, con DNI: 50863873V, con domicilio en Rúa Agra de Abaixo 10, C.P. 15117, con número de Telf: 626955544 e correo electrónico f.delmoral.regaldie@gmail.com, a efectos de notificación, como voceiro e concelleiro do grupo municipal de Podemos Laxe ao pleno do Concello de Laxe ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos para a súa votación e aprobación en sesión plenaria a seguinte MOCIÓN para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de setembro de 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que dada a singularidade do patrimonio arquitectónico do Concello de Laxe, que é susceptible de tomar todas as medidas oportunas para a súa potenciación, fórmase a urxente necesidade de actuar nel solicitando a inclusión do casco histórico da vila, así como a de diferentes lugares das parroquias, cuxo exemplo claro pode ser o lugar de Aprazadoiro ou Mórdomo, por poñer un par de exemplos.

As Áreas de Rehabilitación conforman a base principal das actuacións de rehabilitación en contornos urbanos por parte do IGVS. Para isto é fundamental a colaboración dos concellos.

As Áreas de Rehabilitación Integral declararanse por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a petición dos concellos interesados en que se declare unha área no seu territorio.

Como resumo das vantaxes de declarar un área de este tipo, ter unha vivenda nunha ARI pode resultar un beneficio pero tamén unha



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

responsabilidade, posto que normalmente se trata de entornos protexidos. As Áreas de Renovación Urbana creáronse para protexer o entorno urbano e rural, e por tanto debemos manter as edificacións que se encontran nestas áreas nun estado de conservación axeitado. Para elo, a administración concede axudas periódicas para rehabilitar ditas edificacións. Estas axudas poden supoñer de media entre 12.000 euros para actuacións de conservación e 16.000 euros para actuacións de mellora da eficiencia enerxética, sen superar o 50% do custo total nos casos xerais ou o 85% en certos casos especiais. Por tanto, son superiores, grazas ao aporte autonómico, a calquera outra subvención de rehabilitación existente actualmente.

En base ao exposto, e sendo conscientes de que debemos de actuar de xeito responsable co noso patrimonio, conservando e preservando o mesmo, dende o grupo municipal de Podemos de Laxe propoñemos que o pleno de esta Corporación local aprobe o seguinte

ACORDO:

Someter a votación a iniciativa para comezar os procedementos que permitan ao Concello de Laxe solicitar á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo que se produza a declaración como Áreas de Rehabilitación Integral (ARIs) as antes mencionadas zonas por mor de aproveitar os recursos que as administración públicas poñen a disposición e prol do benestar da veciñanza que reside en lugares que son susceptibles dunha protección especial pola natureza da singularidade arquitectónica e que constitúen elementos esenciais da identidade de Laxe.”

D. Fernando del Moral explica someramente o contido da moción.

D. Xosé Manuel Pose traslada que a Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en diante LRRUG) regula no seu Título II “Áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica”. No Capítulo I defínense as áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, entendéndose por área de intervención no medio urbano declarada pola Administración autonómica (segundo o indicado no artigo 46 da LRRUG) o conxunto edificatorio urbano ou rural, continuo ou discontinuo, que precise dun apoio público para atender á rehabilitación ou á substitución dos edificios e mais á calidade ambiental e urbanística do ámbito. A declaración destas áreas corresponde á Administración autonómica por solicitude do concello correspondente. A intervención nestas áreas pode comprender actuacións de renovación e mellora da urbanización, dos espazos públicos e das demais dotacións urbanísticas ou das infraestruturas e dos servizos urbanos, así como articular medidas sociais, ambientais e económicas que estean enmarcadas nunha estratexia administrativa global, integrada e unitaria. Segundo se indica no artigo 47 da LRRUG, a lei contempla dúas clases de áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, que en función do ámbito de actuación e das súas características, poderán ser: 1. Área de rehabilitación integral (ARI). 2. Área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe), que poderá incluír no seu ámbito unha zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER). As áreas de rehabilitación integral (ARI) (artigo 50 LRRUG) 1. As áreas de rehabilitación integral clasifícanse nas seguintes categorías: a) Áreas de rehabilitación integral de conxuntos históricos, cando o seu ámbito comprenda un conxunto histórico que teña declaración de ben de interese cultural ou estea integrado como tal no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e que conte cun plan especial de protección. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, cincuenta vivendas. b) Áreas de rehabilitación integral rurais, cando o seu ámbito pertenza a concellos con menos de cinco mil habitantes e a súa configuración sexa predominantemente rural. Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, vinte vivendas. c) Áreas de rehabilitación integral de ámbitos urbanos, cando o seu ámbito non pertenza a ningunha das categorías consideradas nas alíneas anteriores.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Neste suposto, o ámbito delimitado deberá ter, como mínimo, cincuenta vivendas. Hasta aquí as definicións e aclaración de conceptos. Agora vamos a o fondo do asunto. O artigo 66 da LRRUG establece que co fin de garantir a coherencia, a eficiencia e a eficacia das actuacións públicas previstas nesta lei, as diferentes administracións públicas con competencias na materia deberán actuar conxunta e coordinadamente para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas, especialmente a través das oficinas de rehabilitación. ¿Que é unha oficina de rehabilitación? (Artigo 67 da LRRUG) A oficina de rehabilitación é o punto de información, asesoramento, apoio á xestión, seguimento e difusión das áreas de rehabilitación integral para facilitar a execución das actuacións nelas. Cada concello deberá contar cunha única oficina de rehabilitación cos medios materiais e persoais adecuados e proporcionados para desenvolver a actividade, que exercerá as súas funcións e as súas competencias na totalidade dos ámbitos do municipio con área de rehabilitación integral declarada ou que se declare. Nas áreas de ámbito municipal a oficina será creada e xestionada polo concello correspondente. Aquí convén aclarar que o Concello de Laxe non dispón de medios propios para crear e xestionar unha oficina de rehabilitación, posto que nin sequera dispón dun técnico municipal que teña a condición de funcionario, xa que ese servizo teno contratado dende fai 4 anos cunha empresa externa (un contratista externo), e polo tanto, para propoñer a creación de Areas de Rehabilitación integral no Concello de Laxe, e preciso que o concello dispoña “dos medios materiais e persoais adecuados e proporcionados para desenvolver a actividade”, o cal a día de hoxe, non se pode cumprir, tal e como se indica no Artigo 67 da LRRUG. Empecemos a casa polos cimentos, non pola cuberta. Primeiro servizo técnico municipal propio, logo oficina de rehabilitación, e finalmente Areas de Rehabilitación integral (ARI).

O Alcalde-Presidente comunica que se dirixirán ó Instituto de Vivenda e Solo para estudar este asunto, e recorda que o Goberno Central excluiu as axudas ás ARIs no Plan de Vivenda 2023-2024.

Polo tanto, propón a súa retirada.

D. Fernando del Moral aboga polo consenso neste tipo de asuntos.

Por unanimidade dos presentes, a presente moción queda sobre a mesa.

4.4.2 Moción para solicitude de convocatoria da praza de bibliotecario

O concelleiro de UNIDAS PODEMOS, Fernando del Moral Regaldie explica a seguinte moción:

“MOCIÓN DE SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA DA PLAZA DE BIBLIOTECARIO

D. Fernando Del Moral Regaldie, con DNI: 50863873V, con domicilio en Rúa Agra de Abaixo 10, C.P. 15117, con número de Telf: 626955544 e correo electrónico f.delmoral.regaldie@gmail.com, a efectos de notificación, como voceiro e concelleiro do grupo municipal de Podemos Laxe ao pleno do Concello de Laxe ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos para a súa votación e aprobación en sesión plenaria a seguinte MOCIÓN para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de setembro de 2023.

EXPÓN

Que o Concello de Carballo fixo públicas no BOP núm.101, do 30/05/2023, as bases do procedemento e a convocatoria, aberta a persoal doutras administracións públicas, para a provisión temporal mediante nomeamento en comisión de servizos de carácter voluntario dun posto de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

arquiteiro/ra.

Que o bibliotecario-arquiteiro da Biblioteca municipal de Laxe solicitou a participación nesta convocatoria, para o que foi preciso presentar a súa solicitude antes do 06/06/2023, cun informe favorable da Administración de orixe que tiña que incluír o compromiso de autorización da Comisión de Servizos do emprego público.

Polo que a Alcaldía ten coñecemento desde esas datas de que o arquiteiro titular solicitou a súa autorización para participar neste proceso selectivo e polo tanto a posibilidade de que este posto quedara vacante no Concello de Laxe como mínimo un ano

O 13/06/2023, resolveuse a convocatoria e o posto de arquiteiro de Laxe queda vacante e ata o día de hoxe non se cubriu esa praza e consecuentemente o pechou a Biblioteca municipal de LAXE.

PROPÓN

Solicitar que de maneira urxente se cubra a praza vacante de bibliotecario-arquiteiro do Grupo A2; Nivel 22, Escala Administración Especial, segundo consta na Relación de Posto de Traballo Municipal de Laxe e a conseguinte apertura da Biblioteca Municipal do noso concello.”

D. Francisco Charlín comunica que por falta de medios persoais para dar cobertura ó proceso complexo de selección da praza de bibliotecario, poñeranse en contacto coa deputación para que preste a asistencia técnica á que está obrigada.

Dna. María Cristina Vázquez pregunta polo horario de apertura da biblioteca e lle contesta D. Francisco Charlín que aínda non se sabe exactamente dadas as circunstancias.

Pásase á votación, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.

4.4.3 Moción para a adhesión do concello á APLU

O concelleiro de UNIDAS PODEMOS, Fernando del Moral Regaldíe explica a seguinte moción:

“MOCIÓN

que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de setembro de 2023.

EXPÓN

Que dado que o Concello de Laxe non se encontra adherido á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que é un instrumento fundamental de colaboración da Consellería e os Concellos para velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Engadindo todas as razóns polas que adherirse á devandita institución que son:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- A APLU asume a xestión das competencias dos concellos adheridos en materia de inspección, sanción e restablecemento da legalidade urbanística (competencias que segundo a normativa vixente están obrigados a exercer todos os concellos).
- As actuacións en materia de disciplina urbanística realízanse integramente cos recursos económicos, técnicos e humanos da Axencia, sen costes adicionais para os municipios íntegros.
- Ademais, os concellos adheridos reciben da APLU o 10% do importe das multas coercitivas e das sancións recadadas no seu termo municipal.
- As posibles responsabilidades xurídicas derivadas da actuacións en materia de disciplina urbanística son asumidas pola Axencia, evitando así prexuízos aos concellos adheridos.
- A APLU facilita a responsables, técnicos e técnicas das corporacións locais íntegras o asesoramento e asistencia técnica e xurídica que precisen no ámbito urbanístico, sen contraprestación algunha.
- As autoridades e persoas dos concellos adheridos terán acceso preferente ás accións formativas promovidas pola APLU.

E que non queremos que Laxe quede atrás en comparación con outros concellos da contorna que xa desfrutan das vantaxes de estar adheridos, como é o caso de Cabana de Bergantiños, Ponteceso e Carballo.

PROPÓN

Someter a votación a adhesión do Concello de Laxe á APLU por mor de utilizar os recursos naturais con racionalidade, con intelixencia e con prudencia, mellorar a cohesión social e a calidade de vida dos cidadáns, favorecendo a promoción de vivendas asequibles en entornos amables dotados de infraestruturas, equipamentos e espazos públicos suficientes e adecuados e protexer e poñer en valor o patrimonio natural e cultural e a riqueza paisaxística dos espazos naturais e do litoral, que constitúen elementos esenciais da identidade de Galicia.”

D. Fernando del Moral comenta a moción e as vantaxas de estar adherido xa que non conleva costes adicionais.

